

Nome _____

Data _____

O néctar

A flor é o órgano especializado para a reprodución de moitas plantas. Entre as súas partes destacan os estames, que producen o pole, e o pistilo, que recibe o pole doutras flores.

O pole pode ser transportado dunha flor a outra polo vento, aínda que en moitos casos son os propios animais, sobre todo insectos e algúns paxaros, como o colibrí, os que se encargan deste labor. Pero este importante servizo non é de balde.

Para atraeren estes animais polinizadores, as flores elaboran un líquido doce moi nutritivo chamado néctar. Ao se achegaren para tomar néctar, os animais rozan os estames e o pole queda pegado a eles. Deste xeito, cando se pousan noutra flor, levan o pole ata ela.



1 O proceso polo cal o pole pasa dunha flor a outra coñécese como polinización. Explica os dous tipos de que se fala no texto.

2 Explica o que é o néctar e por que cres que os animais se senten atraídos por el.

3 Ordena os debuxos numerándoos do 1 ao 4 e explica que ocorre en cada caso.









4 Explica que sucede cando o pole chega ao pistilo.

